

Bases Sorteo de máis de cinco mil euros Nadal 2016



A **Federación Galega de Xoieiros, Prateiros e Reloxeiros** (en adiante, **Federación Galega**), con CIF G-15086366 e sede na rúa Laverde Ruiz nº 6, baixo dta. - 15702 Santiago de Compostela, en **colaboración co Colexio Profesional de Xoiaría, Ourivaría, Prataría, Reloxaría e Xemoloxía de Galicia** (en adiante **Coxga**), con CIF: Q-1500321C e sede na rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2ºB - 15701 Santiago de Compostela, na súa campaña publicitaria e global de imaxe que terá lugar ao longo dos meses de decembro 2016 e xaneiro 2017, **organiza un sorteo de cinco vales de 1.001 €**, dirixido ao público maior de idade e potencial cliente dos profesionais colexiados, acción que se rexerá polo disposto nas presentes bases:

Bases

1º.- Duración

A presente acción levarase a cabo entre o venres 9 de decembro de 2016 e o xoves 5 de xaneiro 2017, ambos incluídos, nos establecementos participantes (listado completo dispoñible nas webs www.fgxoieiros.es e www.coxga.es) e seguido do sorteo dos vales o luns 16 de xaneiro 2017.

2º.- Ámbito territorial

O ámbito da acción estenderase a todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, situándose nos establecementos participantes voluntariamente nesta actividade e previamente divulgados nas webs www.fgxoieiros.es e www.coxga.es.

3º.- Ámbito persoal

Poderá participar calquera persoa física maior de idade, que se atope no territorio da acción durante o desenrolo da mesma.

Os participantes deberán facilitar o seu número de teléfono, nome e apelidos, a efectos de notificación en caso de ser premiado o boleto cuberto. Non serán tidos en conta para o sorteo os boletos incompletos.

Non poderán participar na presente acción os colexiados, os titulares dos establecementos adheridos á promoción, os traballadores vinculados a eles ou á propia Federación Galega ou ao Coxga, nin os cónxuxes e familiares en primeiro grao de calquera destas persoas.

4º.- Gratuidade

Para participar no sorteo bastará con visitar calquera dos establecementos participantes nesta actividade divulgados nas webs www.fgxoieiros.es e www.coxga.es.

5º.- Mecánica do sorteo

Os interesados deberán cubrir os datos solicitados (nome, apelidos e teléfono) nos boletos de participación que estarán á súa disposición nos establecementos adheridos á acción, identificados co adhesivo da campaña, ao longo da duración da mesma, entregándoseles un boleto co número de participación correspondente á parte cuberta e introducida na urna do sorteo.

A ausencia ou inexactitude dos datos solicitados terá as consecuencias sinaladas na base 3ª. Os datos facilitados a través das papeletas de participación serán utilizados coa finalidade de realizar o sorteo. Os datos dos gañadores serán incorporados ós ficheiros Concurso, titularidade da Federación Galega de Xoieiros e de Coxga, coa finalidade de cumprir coas obrigas legais derivadas da entrega de premios. Os datos do resto de participantes no sorteo non serán incorporados a ningún ficheiro automatizado tratado pola Federación Galega ou Coxga, comprometéndose cada tenda á destrución de todos os boletos

Bases Sorteo de máis de cinco mil euros Nadal 2016



participantes no sorteo unha vez finalizado o mesmo.

O sorteo celebrárase ante notario o luns 16 de xaneiro 2017, comunicándose o resultado ós agraciados mediante comunicación directa, por teléfono, así como publicación nas webs da Federación Galega www.fgxoieiros.es e do Coxga www.coxga.es.

Os números premiados serán os cinco números determinados ante notario mediante extracción de bolas numeradas. Sacaranse 3 números entre os repartidos nas provincias de A Coruña e Pontevedra e 2 números entre os repartidos nas provincias de Lugo e Ourense.

A entrega realizarase nos establecementos nos que se atopen os boletos agraciados e deberá ser recollido persoalmente polo gañador. No caso de que os datos cubertos no boleto gañador sexan erróneos e non se conteste á chamada telefónica aceptando o premio no prazo máximo de 15 días hábiles desde a data do sorteo, o premio correspondente a ese número de boleto quedará deserto.

A aceptación dos premios, polos gañadores, supón a autorización para a Federación Galega e Coxga de utilizar os seus nomes e as súas imaxes con fins publicitarios de resultado do sorteo, podendo ser expostos en calquera dos establecementos dos profesionais colaboradores da campaña. Ditos datos poderán ser igualmente utilizados con fins publicitarios mediante a publicación do gañador en diferentes medios de comunicación, en www.fgxoieiros.es e www.coxga.es e noutros soportes con similares fins. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixíndose por correo postal á Federación Galega de Xoiarios, na rúa Laverde Ruiz nº 6 baixo dta. - 15702 Santiago de Compostela ou ao Coxga, rúa Ramón Cabanillas, 5-7, 2º B – 15701 Santiago de Compostela (A Coruña), a través dun escrito asinado ao efecto e remitindo unha copia do DNI. Bases completas do sorteo en www.fgxoieiros.es e www.coxga.es

A Federación Galega e Coxga resérvanse o dereito de suspender, aprazar, prorrogar ou cancelar esta acción en calquera momento sempre que existan causas que, ao seu criterio, o xustifiquen.

6º.- Descrición dos premios

Os premios consisten en cinco vales de 1.001 € a utilizar en calquera dos establecementos colaboradores na campaña de Nadal 2016, durante os meses de xaneiro e febreiro 2017. Os premios da presente promoción estarán suxeitos á retención do IRPF, segundo a normativa vixente, polo que os gañadores recibirán a cantidade que figura nas presentes Bases Legais menos a retención correspondente, debendo os gañadores incluír na súa Base Imponible da declaración do IRPF do exercicio fiscal correspondente, o importe de 1.001 €.

7º.- Aceptación das bases e notas aclaratorias

Os participantes aceptan expresamente cumprir todas e cada unha das bases deste sorteo. O incumprimento dalgunha das bases dará lugar á exclusión do participante do sorteo. A Federación Galega resérvase a interpretación das presentes bases, prevalecendo o seu criterio en caso de que xurdiran dúbidas ou discrepancias. As bases estarán dispoñibles para os interesados, durante o período en que estea vixente o sorteo, na oficina da Federación Galega e de Coxga, nas súas páxinas webs www.fgxoieiros.es e www.coxga.es e nos establecementos colaboradores. Excepcionalmente, de existir motivos xustificadas, a Federación Galega poderá modificar as presentes bases unha vez comezado o sorteo, publicando as modificacións nos lugares citados. Todas as instrucións ou informacións publicadas ou que se publiquen durante a vixencia da acción, formarán parte dos termos e condicións do sorteo. Para a resolución de calquera controversia que puidese existir en canto á interpretación ou aplicación das presentes bases, tanto os promotores como os participantes se someten expresamente á xurisdición e competencia dos Xulgados e Tribunais de Santiago de Compostela, renunciando a calquera outro foro que puidese corresponderlles.

Asdo. en S. de Compostela, o 1 de decembro 2016